

A Cámara organiza un seminario sobre "ecoinnovación" na empresa

Ferrol. 28/04/2010. A Cámara de Comercio de Ferrol acollerá o próximo 4 de maio o seminario *Innovación para a competitividade sostible na empresa*.

Esta acción formativa estrutúrase en dúas sesións, a primeira das cales estará orientada a achegar ás empresas o concepto de "ecoinnovación" e a analizar as principais vantaxes e beneficios que se derivan da súa implantación, así como as fontes de financiamento ás que poden acollerse as empresas que desexen pór en marcha este tipo de medidas.

A ecoinnovación refírese a todas as formas de innovación que intenten ou consigan unha mellora notable da protección ambiental. Inclúe aqueles novos procesos de produción, produtos ou servizos e métodos de xestión e de negocio cuxo uso ou aplicación poida evitar ou reducir considerablemente o risco de contaminación ambiental e outros impactos negativos do uso dos recursos.

Na segunda parte do seminario farase un repaso aos principais programas europeos de apoio á ecoinnovación, prestando especial atención á recente convocatoria do Programa Marco para a Innovación e a Competitividade (CIP).

Actuarán como relatores Sonia Pazos, directora de proxectos de innovación da Fundación Empresa Universidade de Galicia (FEUGA) e Carlos Sánchez, técnico da Oficina de Programas Internacionais de I+ D+ i (OPIDI) .

A inscrición nesta actividade ten carácter gratuíto para as empresas da demarcación da Cámara e pode formalizarse no departamento de innovación da entidade. Tamén é posible obter máis información en <http://ferrol.innovacion.com>.

